



### FICHA RESUMO

<b>Ano</b>	2011	<b>PE403A 2010/12-1</b>
<b>Entidade</b>	CONFRARÍAS DE CAMARIÑAS E MUXIA	
<b>Plan explotación<sup>(1)</sup></b>	SOLENIDOS	
<b>Réxime<sup>(2)</sup></b>	RECURSO ESPECÍFICO	
<b>Modalidade<sup>(3)</sup></b>	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

<b>Especies</b>	Navalla ( <i>Ensis arcuatus</i> ) e longueirón ( <i>Ensis siliqua</i> )
<b>Ambito do plan</b>	Ría de Camariñas: entre punta Sandía e desembocadura de Río Lago (praias de Lago, Barreira e infralitoral entre Barreira e punta Sandía); enseada de Merexo (praias de Area Maior, Loureiro e Borreiros); praia da Cruz; por fóra da praia de Mozogondón
<b>Subzonas de explotación</b>	Zona A: libre marisqueo entre punta Sandía e desembocadura de Río Lago (praias de Lago, Barreira e infralitoral entre Barreira e punta Sandía) CM-033 Zona B: enseada de Merexo (praias de Area Maior CM-036, Loureiro CM-035 e Borreiros CM-034) Zona C: praia da Cruz CM-037 Zona D: por fóra da praia de Mozogondón CM-038 (*Zona E: centro da ría que se estende ata a zona fronte a praia de Barreira e desembocadura do río Grande de Ponte do Porto (entre as coordenadas cartográficas 29T 0486141/4774564; 29T 0485105/4774531; 29T 0485158/4773288; 29T 0486194/4773306)

#### Participantes no plan de explotación

<b>Número de permex/persoas autorizadas</b>		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
-	7	16
<b>Ampliación do número de permex<sup>(4)</sup></b>		<b>NON</b>
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Mergulladores con habilitación
-	0	0

#### Calendario de explotación

<b>Días máximos de extracción</b>	90										
<b>Época y zona probable de extracción<sup>(5)</sup></b>											
<b>Modalidade<sup>(3)</sup>: mergullo en apnea e subministro de aire dende superficie</b>											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X		

#### Topes de captura<sup>(6)</sup>

<b>Especies</b>	<b>A pé</b>	<b>Embarcación/día</b>	<b>Mergullador enrolado e a bordo/día</b>
Navalla, longueirón	-	-	20 kg

<b>Artes a empregar</b>	Mergullo en apnea e mergullo con subministro de aire dende superficie.
-------------------------	--

<b>Puntos de control</b>	Lonxa de Camariñas Lonxa de Muxía
<b>Puntos de venda</b>	Lonxa de Camariñas Lonxa de Muxía

(\* Modificado por Resolución do 4 de outubro da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM



Accións a realizar <sup>(7)</sup>	Epocas probables <sup>(8)</sup>											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rexeneración zonas improdutivoas</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Extracción semente para resembrar</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Sementeiras</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Traslados</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Rareos</b>												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Limpezas e arados</b>												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
<b>Outros</b>												

### Outras consideracións <sup>(9)</sup>

(\*) Ambito do plan: Inclúese a zona E: centro da ría que se estende ata a zona fronte a praia de Barreira e desembocadura do río Grande de Ponte do Porto (entre as coordenadas cartográficas 29T 0486141/4774564; 29T 0485105/4774531; 29T 0485158/4773288; 29T 0486194/4773306),. Nesta zona será a única das zonas do plan de explotación na que se empregará o mergullo semiautónomo.

**Participantes:** As embarcacións co recurso navalla e longueirón Z6 no seu permex, autorizadas para traballar neste plan son 7:

- 4 asociadas á confraría de Muxía, con 10 cotas
- 3 asociadas á confraría de Camariñas, con 6 cotas

Na relación anexa ao plan figura a embarcación , que cambiou de nome e na actualidade se denomina

**Ampliación:** O pouco interese que, neste intre, desperta a explotación deste recurso nesta zona debido a problemas de comercialización, desaconsella acceder á proposta de ampliación de 2 embarcacións. As últimas incorporacións de embarcacións e mergulladores non se traduciron nunha maior asistencia ao banco nin nunha maior produción.

**Cotas máximas de captura:** A cota máxima de captura queda establecida por mergullador con dereito a cota, debidamente enrolado e a bordo.

(\*) Modificado por Resolución do 4 de outubro da D.X. de Ordenación e Xestión dos RR.MM



**Puntos de control:** Os puntos de control establecidos neste plan correspóndense cos puntos de venda -lonxas de Camariñas e Muxía- sendo os lonxeiros os responsables do control. Recoméndase establecer puntos de control nas zonas de extracción nos que participe o propio sector. Non establecen as normas de funcionamento dos puntos de control. O paso polo punto de control é obrigatorio para tódolos integrantes deste plan.

Para un seguimento técnico axeitado da explotación é imprescindible o funcionamento eficaz dos puntos de control establecidos, e a remisión mensual dos datos de extracción obtidos nos controis ao Departamento Territorial da Consellería do Mar.

**Remisión dos datos:** Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

**Horario:** Non se aproba o horario de extracción proposto neste plan por ir en contra do establecido no Decreto 424/93, polo que o horario de traballo autorizado será de 8'00 a 14'00 horas.

**Xestión da explotación:** A confraría de Muxía será a representante do plan na súa relación coa administración.

Recoméndase a constitución dunha comisión xestora, asesorados polo axente de extensión, que se encargue da organización e xestión da extracción e se responsabilice do seguimento do plan.

**Mergullo:** Tódolos mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de explotación, de non ser así serán excluídos da relación adxunta á resolución de apertura mensual.

**Plan de seguridade:** Deberán elaborar o plan de seguridade. Na solicitude de apertura de cada mes deberá indicarse o nome do mergullador que vai a exercer como xefe de equipo.

O informe da actividade de mergullo é favorable a autorizar a realización das inmersións necesarias para a execución do plan, sempre que o **plan sexa aprobado a efectos de seguridade pola autoridade marítima correspondente e que deberán presentar antes de realizar a primeira apertura do ano 2011.**

**Plan de control:** No caso particular do **emprego de mergullo con subministro de aire dende superficie, e sempre que sexa aprobado o plan de seguridade pola Capitanía Marítima correspondente**, considérase necesario un maior esforzo no control da actividade para poder avaliar o emprego desta técnica na explotación dos bancos. Polo tanto, será necesario establecer un punto de control no banco sublitoral formado por unha embarcación e alomenos dúas persoas responsables. No punto de control recolleranse os datos necesarios para o seguimento da explotación, verificaranse os topes de captura e tamaños de extracción, e o produto extraído será precintado emitíndose **un ticket nominativo.**

Deberán **achegar**, con anterioridade ao inicio da actividade neste plan, a seguinte documentación:

- Documentación acreditativa da aprobación do plan polos órganos de goberno da confraría de Muxía.
- Normas funcionamento dos puntos de control.



CONSELLERÍA DO MAR  
**XUNTA DE GALICIA**  
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro  
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25

galicia